

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 5 DE XUÑO DE 2017.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 23/2017 de data 29 de maio de 2017.

**2.- EXPEDIENTE 2068/2017. SOLICITUDES DE ALTA DE AUGA E SANEAMENTO.**

Acordouse aprobar varias solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas.

**3.- EXPEDIENTE 1526/2017. APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN. AMPLIACIÓN DO CENTRO SOCIAL DE PRADO E CALEFACCIÓN" (PLAN CONCELLOS 2017-LIÑA 1) (CO012017).**

Acordouse aprobar o expediente de contratación denominado “AMPLIACIÓN DO CENTRO SOCIAL DE PRADO E CALEFACCIÓN”.

**4.- EXPEDIENTE 2089/2017. APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DE DEPURADORA EN ZOBRA (PLAN CONCELLOS 2016-LIÑA 1).**

Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento denominado “CONSTRUCCIÓN DE DEPURADORA EN ZOBRA”.

**5.- EXPEDIENTE 2228/2017. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (FACTURAS) RELACIÓN 00044 XGL 5 XUÑO.**

Acordouse aprobar a relación de facturas núm. 00044 por importe de 14.033,52 €.

**6.- EXPEDIENTE 142/2017. SOLICITUD DE SUBVENCIONES PARA ENTIDADES LOCAIS (TURISMO).**

Acordouse Autorizar e comprometer un gasto con destino ao contrato de suministro para a Proxecto de Promoción Turística do Concello de Lalín: Elaboración de material divulgativo da imaxe de Lalín.

**7.- EXPEDIENTE 2212/2017. DACION DE CONTA DA CONCESION DA SUBVENCION PARA ACONDICIONAMENTO DE SALA PARA XIMNASIO NO EDIFICIO MULTIUSOS LALIN ARENA. PLAN CONCELLOS 2017.**

Deuse conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra (nº rex. 3455 de 29/05/2017) polo que comunican a concesión ao Concello de Lalín dunha subvención ao abeiro da Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017 para o seguinte investimento.

**8.- EXPEDIENTE 2211/2017. DACION DE CONTA DA RESOLUCION DA SUBVENCION PARA RECRECIDO PAVIMENTO EN PISTA FROXAN E ACCESO FONDEVILA. PLAN CONCELLOS 2017.**

Deuse conta do escrito remitido pola Deputación Provincial (nº rex. 3456 de 29/05/2017) polo que se notifica a este Concello a concesión dunha subvención para a execución do seguinte investimento ao abeiro da Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017.

**9.- EXPEDIENTE 883/2017. SOLICITUDE DE OBTENCIÓN DE COPIAS DE PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DA SEGUNDA FAXE DO PP LALÍN 2000 E DO EXPEDIENTE DE LICENZA OBRA Nº 8448/16.**

Acordouse autorizar a consulta do proxecto de construción da Segunda Fase do Plan Parcial do Parque Empresarial Lalín 2000.

**10.- EXPEDIENTE 2078/2017. SOLICITUDE DE PECHE DE RÚAS PARA CELEBRACIÓN DA NOITE BRANCA. AEDEZA.**

Acordouse autorizar o peche da rúa principal con motivo da celebración o día 9 de xuño de 2017 da *Noite Branca 2017*.

**11.- EXPEDIENTE 2213/2017. SOLICITUDE DE USO DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. SCENE BALLET. SALÓN TEATRO 24/06/2017.**

Acordouse conceder autorización municipal para o uso do Salón Teatro no Auditorio Municipal de Lalín, para o día 24 de xuño de 2017, para a actuación de fin de curso da Asociación Scene Ballet Danza.

**12.- EXPEDIENTE 2214/2017. SOLICITUDE DE USO DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. SCENE BALLET. LALÍN ARENA 08/07/2017.**

Acordouse conceder autorización municipal para o uso das salas de Ximnasio do Lalín Arena, para o día 8 de xullo de 2017, con motivo da organización dun master/class con bailarines.

**13.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 701/2017. PROPOSTA DE CORRECIÓN DE ERROS. XUSTIFICACIÓN 1º TRIMESTRE 2017 AULA CEMIT.**

Acordouse corrixir o erro apreciado no acordo adoptado no punto 2 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 24 de abril de 2017.

**14.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1619/2017. PROPOSTA DE CONTRACIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL- SUBVENCIÓN PLAN CONCELLOS 2017.**

Acordouse elevar á Xunta de Goberno Local as actas de cualificación final do Tribunal Cualificador coa proposta de contratación dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación final para CONTRATACIÓN PERSOAS TRABALLADORAS AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS (PLAN CONCELLOS) 2017 da Deputación Provincial de Pontevedra - LIÑA 3: Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais.

**15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: Expediente 2248/2017. CERTIFICACIÓN UN E FINAL REFORZO PAVIMENTO PISTAS SOUTOLONGO, SELLO E MONEIXAS.**

Acordouse aprobar a certificación nº 1 e final da Reforzo do pavimento en pistas de Soutolongo, Sello e Moneixas, de data 4 de maio de 2017.

**16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: Expediente 1413/2017. PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (FACTURAS).**

Acordouse aprobar a Certificación de obra nº 3 e final de data 27 de febreiro de 2017 das obras de “CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS DE VILANOVA, MACEIRA, GOIÁS, VILATUXE E ZOBRA”

Plan de Concellos 2016-Liña 1.

**17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: Expediente 890/2017. ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DENOMINADO "SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA PARA O CONCELLO DE LALÍN" (CSU032017).**

Acordouse adxudicar o expediente de contratación denominado "SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA PAR AO CONCELLO DE LALÍN".

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:10 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.